



PREGUNTA ORAL SOBRE A POSTA EN SERVIZO DO CENTRO CÍVICO DO ROMAÑO

O Grupo Municipal do Partido Popular no Concello de Santiago, ao abeiro do establecido na normativa de aplicación eleva a esa Alcaldía, para a súa inclusión na Orde do día do Pleno da Corporación, a seguinte PREGUNTA ORAL

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Centro Cívico do Romaño arrastra un considerable atraso na súa posta en servizo, desde que as obras foran adxudicadas en maio de 2014, por un importe total de 763.800 euros e un prazo de execución de 10 meses.

Despois de case dous anos e medio de rematar o prazo previsto para a conclusión das obras, o Centro permanece sen actividade. A pesar de que o Concello recibiu a obra no pasado mes de febreiro, de ter mercado o mobiliario preciso e de que a finais do pasado mes de xuño venceu a última prórroga do aluguer do local privado alternativo situado na rúa Torreira, o edificio segue pechado ao público.

O Goberno local, sempre “alérxico” aos prazos incumpriu o seu primeiro anuncio de apertura antes da primavera, e está próxima a segunda data ofrecida do mes de setembro, sen que se saiba a estas alturas os motivos concretos que impiden a súa apertura, se están todos eles solucionado e cal pode ser a data final para que a veciñanza poida acceder ao inmovible e que este poida albergar actividades.

A apertura deste centro resulta crucial nestes momentos nos que xa non se dispón de local alternativo e que debería iniciarse a programación no conxunto da rede de centros socioculturais do Concello.

Atendendo a estas consideracións, formúlase a seguinte pregunta:

Conta na actualidade o centro sociocultural con todos os servizos e equipamentos que permitan a súa inmediata apertura ou, en caso contrario, que falta en concreto e que previsións manexa o Goberno para que a veciñanza poida facer uso completo destas instalacións e poidan albergar as actividades da programación cultural que desenvolva o Concello dirixida aos centros culturais municipais?

Santiago de Compostela, 13 de setembro de 2017

María Ángeles Antón Vilasánchez
Concelleira do Grupo Popular